



*Manifesto da Microbióloga Alicia Estévez Toranzo
con motivo da celebración do Mes da Ciencia*

Da ciencia depende o desenvolvemento socioeconómico dun país e polo tanto o benestar das persoas e o resto de seres vivos que o habitan. Ciencia e tecnoloxía estiveron sempre intimamente unidas e esta unión é o que permitiu o avance da humanidade. Galicia ten unha enorme capacidade para contribuír a este desenvolvemento que está a ter lugar a nivel global.

Unha importante responsabilidade dos científicos é dar conta á sociedade do destino dos fondos públicos que recibe e contribuír ao desenvolvemento da cultura científica na sociedade da nosa contorna. Este achegamento da ciencia á sociedade conséguese principalmente grazas á divulgación científica. Pero divulgar ciencia non sempre é tarefa fácil xa que temos que ser capaces de converter a linguaxe técnica e ás veces complicada, que usamos os científicos para comunicarnos entre nós, en palabras axeitadas para que o coñecemento chegue á maior cantidade de persoas. Só así se conseguirá que os científicos sexamos máis valorados e que o público entenda como os grandes avances alcanzados en diferentes ámbitos da ciencia inflúen na nosa forma de vivir e na sustentabilidade dos recursos naturais.

Hoxe en día cos avances das tecnoloxías da comunicación, é fácil atopar demasiada información científica, pero o importante é saber diferenciar Ciencia de “pseudociencia”. Por iso, non hai que esquecer o importante papel que xogan as bibliotecas para que moitos dos coñecementos rigorosamente contrastados sexan alcanzables ao público, xa que unha sociedade ben informada é máis difícil que sexa manipulada.

A divulgación é fundamental tamén para fomentar vocacións científicas na mocidade. Debemos estimular xa desde a infancia a ilusión polo traballo ben feito, a curiosidade e sorpresa, a imaxinación e o sentido crítico ante o que observan e ocorre ao redor. Desta maneira, as novas xeracións poderán chegar a ser todo o que se propoñan e terán capacidade de contribuír a facer un mundo un pouco mellor.

Alicia Estévez Toranzo
Académica da RAGC e RAFG
Premio María Josefa Wonenburger Planells 2018
Novembro 2019